

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE AMES PARA O ACONDICIONAMENTO DA AC-544 DENDE A INTERSECCIÓN COA AVENIDA DA MAÍA ATA O P.Q 0+610

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formalizar co Concello de Ames o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ames que permitan o acondicionamento da AC-544 dende a intersección coa Avenia de Maía ata o p.q 0+610. A mellora no seu conxunto afecta a 610 metros.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, que contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Ames ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

